

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 13 DE FEBREIRO DE 2014,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal de fomento de alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito do tramo antigo da estrada PO-532 desde o p.q.11 + 300 ao p.q.11 + 770 a prol do Concello de Ponte Caldelas.

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba o Plan de obxectivos para o ano 2014 da Unidade do Corpo Nacional de Policía, adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza ao Padroado da Fundación da Cidade da Cultura de Galicia a resolución por mutuo acordo dos contratos de execución das obras do Edificio de Novas Tecnoloxías (actualmente denominado Centro de Arte Internacional), e do Edificio Teatro da Música, da Cidade da Cultura de Galicia.



## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Acordo polo que se aproban os prezos de referencia para a aplicación pola entidade xestora do Banco de Terras, para o ano 2014.

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Informe sobre o Plan estratéxico de rehabilitación de Galicia 2014-2016.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre as axudas para estadias a investigadores e tecnólogos contratados en centros tecnolóxicos de Galicia e centros de investigación alleos ao Sistema Universitario de Galicia. Convocatoria 2014.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da Resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola que se acorda a tramitación de emerxencia do expediente de execución das obras de reposición da cuberta con paneis de tipo "sandwich" e reparación de danos no CEIP Viñagrande-Deiro de Vilanova de Arousa (Pontevedra), por un importe total de setenta e tres mil novecentos noventa e nove euros con trinta e catro céntimos (73.999,34 euros).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da Resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola que se acorda a tramitación de emerxencia do expediente de execución das obras de reposición da cuberta do pavillón polideportivo e reparación de danos na edificación principal do IES de Foz (Lugo), por un importe total de vinte e cinco mil seiscientos doce euros con vinte e tres céntimos (25.612,23 euros).

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre a adxudicación do contrato do plan integral de eficacia enerxética do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol.

### **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Informe sobre o Plan de inspección de servizos sociais 2014 e avaliación dos resultados do Plan de inspección de 2013.



## **O PLAN ESTRATÉXICO DE REHABILITACIÓN DA XUNTA PREVÉ O INVESTIMENTO DE MÁIS DE 56 MILLÓNS DE EUROS ENTRE 2014 E 2016**

- *O Plan que prepara o IGVS prevé actuacións exclusivamente autonómicas en materia de rehabilitación rural, en conxuntos históricos e en vivendas públicas.*
- *Tamén prevé a continuidade das áreas de rehabilitación integral (ARI), non incluídas no novo Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016*
- *O Goberno autonómico manterá o esforzo no eido da rehabilitación, que entre 2009 e 2013 sumou un investimento de máis de 74 millóns de euros*

### **NOVO DECRETO**

- *O Consello tamén aprobou un Decreto polo que se regula o novo marco legal das axudas de rehabilitación e alugamento*
- *Regúlanse aspectos que quedan fóra do Plan estatal tales como a cualificación de vivendas de protección autonómica ou o procedemento de declaración de áreas de rehabilitación.*
- *Tamén se achegan solucións aos problemas de acceso ao financiamento na promoción de vivendas protexidas*

A Xunta de Galicia continuará apostando decididamente pola rehabilitación de vivendas en Galicia, materia en que a Administración autonómica sempre foi pioneira e punteira en España. Desde o ano 2009, o Goberno galego mobilizou máis de 74 millóns de euros en materia de rehabilitación. O Plan estratéxico de rehabilitación que prepara o Instituto Galego da Vivenda e Solo prevé un investimento de 56,3 millóns de euros no período 2014-2016.

O devandito Plan estratéxico inclúe as seguintes liñas de actuación:

#### **Actuacións exclusivamente autonómicas:**

- Fomento da rehabilitación en núcleos rurais
- Fomento da rehabilitación en conxuntos históricos
- Rehabilitación pública de vivendas
- Reparación de vivendas de promoción pública, tanto directamente polo IGVS como a través de axudas a comunidades de propietarios.

#### **Actuacións cofinanciadas co Estado:**

- Mantemento do programa de áreas de rehabilitación en Galicia
- Implantación do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.



### **Rehabilitación rural**

A rehabilitación de vivendas no medio rural foi unha prioridade para a Xunta de Galicia desde o momento mesmo da transferencia das competencias en materia de vivendas, xa que a primeira convocatoria de axudas tivo lugar en 1985, o mesmo ano das transferencias. As axudas sempre se mantiveron, coas necesarias adaptacións e a incorporación de axudas novas como as de infravivenda rural ou remate de fachadas.

Desde 2009 destináronse preto de 19 millóns de euros a axudas de rehabilitación de vivendas no medio rural.

### **Conxuntos históricos**

Outra das prioridades da Xunta de Galicia en materia de rehabilitación foron as vivendas e edificios de vivendas localizados nos conxuntos históricos galegos. Trátase de axudas propias e exclusivas da Xunta de Galicia, complementarias das que posteriormente se habilitaron nos sucesivos plans de vivenda para as áreas de rehabilitación.

Estas axudas, que se crearon en 1989, potencian a rehabilitación de edificios destinados a vivendas localizados dentro de lugares singulares ou histórico-artísticos, co obxecto de evitar a súa deterioración e facer das zonas en que se atopan uns espazos máis favorables á convivencia, evitando ao mesmo tempo a degradación dos inmobles e buscando a súa adecuación ás melloras de habitabilidade.

Estas axudas, financiadas exclusivamente con fondos propios, destinaron desde 2009 preto de 7,5 millóns de euros a subvencións para a rehabilitación de vivendas en conxuntos históricos.

### **Rehabilitación pública de vivendas**

Á parte de axudar aos propietarios privados a rehabilitar as súas vivendas, o Instituto Galego da Vivenda e Solo realiza actuacións directas consistentes na adquisición de vivendas e a súa rehabilitación, cualificándoas despois como vivendas de promoción pública e destinándoas ás capas máis desfavorecidas da poboación.

Desde o ano 2009 destináronse 10,4 millóns de euros a obras de rehabilitación de vivendas adquiridas polo IGVS, ás que hai que sumar as actuacións do Consorcio do Casco Vello de Vigo, no que o 90 por cento do capital corresponde á Xunta de Galicia.

### **Reparación de vivendas de promoción pública**

A construción de vivendas de promoción pública vén sendo outra das prioridades do IGVS, que posteriormente vende ou aluga as ditas vivendas ás familias con menos ingresos.



O paso do tempo obriga á execución de obras de rehabilitación e reparación das ditas vivendas, para o que o IGVS dispón de dúas liñas de actuación. Por un lado, o IGVS executa obras directas de rehabilitación e reparación en vivendas da que é propietario e por outra concede axudas de ata o 80 por cento do importe ás comunidades de propietarios de vivendas de promoción pública que executan obras de reparación e mellora dos seus edificios.

Nesta liña, desde 2009 o IGVS investiu preto de 13 millóns de euros na rehabilitación e reparación de vivendas de promoción pública, e concedeu preto de 3,5 millóns de euros de axudas para a rehabilitación realizada polas comunidades de propietarios.

### **Áreas de rehabilitación**

Galicia foi pioneira coa declaración das primeiras áreas de rehabilitación que existiron en España e o posterior desenvolvemento dun modelo de actuación, en colaboración cos propietarios, o Ministerio de Fomento e os concellos, que está a dar excelentes resultados.

Malia que o novo Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016 non recolle a figura das áreas de rehabilitación, a Xunta aposta polo seu mantemento e potenciación, polo que se prevé o mantemento do financiamento autonómico e a inclusión destas nas actuacións que financie o Estado a través do novo plan.

Actualmente Galicia conta con 57 áreas de rehabilitación declaradas en Galicia, das que 56 se atopan nun total de 38 concellos e a outra, correspondente aos Camiños de Santiago, afectan todo o trazado das sete rutas do Camiño, polo que inclúe 107 concellos.

En total son 128 os concellos galegos que se benefician das axudas de áreas de rehabilitación, xa que algúns do Camiño de Santiago dispoñen tamén de áreas de rehabilitación propias.

Desde 2009 a Xunta investiu preto de 22,2 millóns de euros en axudas para a rehabilitación de vivendas e obras de urbanización e reurbanización nas ARI declaradas en Galicia.

### **Plan estatal de rehabilitación**

Finalmente, o Plan estratéxico de rehabilitación prevé a implantación do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, que conta con catro programas enfocados ao fomento da rehabilitación:



- Fomento da rehabilitación edificatoria
- Fomento da rexeneración e renovación urbanas
- Apoio á implantación do informe dos edificios
- Fomento de cidades sustentables e competitivas

**Fomento da rehabilitación edificatoria.** Trátase dun programa destinado a fomentar a rehabilitación de edificios residenciais construídos antes de 1981 nos cales polo menos, o 70 por cento das vivendas sexan destinadas a residencia habitual

**Fomento da rexeneración e renovación urbanas.** Inclúe obras de rehabilitación de edificios de vivendas, obras de demolición e edificación de novas vivendas e actuacións no medio urbano.

**Apoio á implantación do informe dos edificios.** Ten por obxecto impulsar a implantación e xeneralización dun informe de avaliación dos edificios que inclúa análises das condicións de accesibilidade, eficiencia enerxética e estado de conservación.

**Fomento de cidades sustentables e competitivas.** Prevé o financiamento de actuacións como a mellora de barrios, centros e zonas históricas, renovación de áreas funcionalmente obsoletas, renovación de áreas para a substitución de infravivenda, ecobarrios e zonas turísticas.

## **NOVO DECRETO**

Por outra parte, o Consello da Xunta aprobou o novo decreto que regula o marco legal das axudas para rehabilitación e alugamento de vivenda. Con este decreto determínanse os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas, como son os de rehabilitación rural, rehabilitación en conxuntos históricos e reparación de vivendas de promoción pública, e danse directrices para o desenvolvemento do Plan estatal de fomento de alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, o decreto regula aspectos relacionados coa vivenda de protección autonómica (VPA) e articula alternativas para as cooperativas de vivendas protexidas con dificultades de acceso ao financiamento.

## **Plan estatal de alugamento e rehabilitación**

O decreto posibilita a implantación en Galicia do Plan estatal de fomento de aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a publicación dunha orde tras a sinatura do convenio de colaboración para a implantación do plan en Galicia. Desta maneira, a posta en execución do dito plan será moito máis rápida que se fose necesaria a tramitación dun novo decreto, cuxa tramitación se alonga varios meses.





### **Liñas básicas de rehabilitación**

Establécense as liñas básicas dos programas de rehabilitación indicando que serán actuacións protexibles as obras de rehabilitación que se realicen en vivendas unifamiliares no medio rural, e en vivendas ou edificios no ámbito dunha área de rehabilitación declarada conforme o procedemento previsto neste decreto, así como as promocións de vivenda que estean, ou estiveran, acollidas ao réxime de promoción pública, e as actuacións de rehabilitación de carácter illado acollidas ao Plan Estatal de fomento de alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.

Ademais, facilítase que a convocatoria de axudas se realice por medio dunha orde. As axudas autonómicas para rehabilitación continuarán contando con subvencións a fondo perdido, como ata o de agora, pero tamén se prevé a posibilidade de subsidiación de préstamos.

### **Áreas de rehabilitación**

Así mesmo, tamén se regula o procedemento para a declaración de novas áreas de rehabilitación integral (ARI) e o mantemento das xa declaradas. Ata o de agora a declaración de áreas de rehabilitación estaba regulada no Plan de vivenda, pero o actual non o fai, polo que a Xunta se ve obrigada a regulalo ante a súa aposta decidida polo mantemento desta figura, na que Galicia é pioneira desde 1996 e que tan bos resultados vén dando nos concellos que contan con elas.

As áreas de rehabilitación integral declararanse por resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo a petición dos concellos interesados, pero o IGVS tamén poderá declaralas de oficio cando comprendan máis dun concello e motivos de interese arquitectónico, cultural ou social así o aconsellen.

Establécese que haberá tres clases de áreas de rehabilitación:

- **Áreas de rehabilitación integral xerais:**

Son as áreas de rehabilitación integral que non pertencen a ningunha das categorías consideradas nos puntos seguintes. Neste suposto, o ámbito delimitado deberá ter como mínimo 50 vivendas.

- **Áreas de rehabilitación de conxuntos históricos:**

Son as áreas de rehabilitación integral que comprendan un ámbito que teña declaración de ben de interese cultural e conte cun plan especial de protección. Neste suposto, o ámbito delimitado deberá ter como mínimo 50 vivendas.



- Áreas de rehabilitación rurais:

Son as áreas de rehabilitación integral que se declaren en concellos menores de 5.000 habitantes e a súa configuración sexa predominantemente rural. Neste suposto, o ámbito delimitado deberá ter como mínimo 20 vivendas.

### **Cualificación de VPA**

Por outra parte, o decreto establece o procedemento para a declaración de vivendas de protección autonómica (VPA) que tamén desapareceu do Plan de vivenda. A existencia de solos residenciais reservados exclusivamente para a construción de vivendas protexidas fai que sexa necesario incluír na normativa autonómica a regulación da súa declaración para permitir que os promotores inmobiliarios continúen construíndo este tipo de vivendas e evitar que os devanditos solos de reserva queden bloqueados pola ausencia de normativa.

### **Cooperativas**

As dificultades de acceso ao financiamento por parte de cooperativas de vivendas constituídas co obxectivo de construír vivendas protexidas está causando problemas a estas e aos membros que as compoñen, polo que a Xunta regula neste decreto a posibilidade de que as ditas cooperativas vendan a promoción a promotores inmobiliarios que si teñan acceso ao financiamento e garantan o remate da construción.

En caso de acollerse a esta opción, os membros da cooperativa seguirían accedendo ás vivendas construídas e as que non fosen cubertas polos cooperativas serían adjudicadas obrigatoriamente a través do Rexistro de Demandantes de Vivenda.





## **A XUNTA DE GALICIA TRANSFIRE A PROL DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS UN TREITO DA ESTRADA PO-532, QUE UNE ESTE MUNICIPIO CON PONTEVEDRA**

- *A solicitude do cambio foi solicitada pola Administración local e inclúe o tramo que vai desde o punto quilométrico 11+300 ata o 11+700*
- *O Concello de Ponte Caldelas deberá asumir todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do treito a partir da formalización de entrega*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade da estrada PO-532 "Pontevedra (N-531) – Ponte Caldelas (PO-255), a prol do Concello de Ponte Caldelas.

A Administración local solicitou a transferencia de titularidade dun tramo antigo da estrada PO-532, tramo illado xerado polas actuacións de mellora desa vía, correspondente á travesía antiga de Tourón que está urbanizada e acondicionada cunha lonxitude de 400 metros e que ten o seu inicio no p.q.11+300 e o seu remate no p.q.11+770.

Ao abeiro das previsións legais, a Área de Planificación e Programación, dependente da Axencia Galega de Infraestruturas, emite informe favorable sobre o cambio de titularidade deste treito.

A súa entrega formalizarase, no prazo de dous meses tras a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), e o Concello de Ponte Caldelas converterase no responsable de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía; así como do exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra.




### **Cambio de titularidade das estradas de Galicia**

Os cambios de titularidade das estradas están regulados pola Lei de estradas de Galicia e deben ser aprobados por un decreto de Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas. A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) é a encargada de avaliar o cambio de titularidade.

Ademais, o artigo 4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, alega que as entidades locais, dentro das súas competencias, aprobarán a relación de estradas da súa titularidade.

Cumprindo o exposto, o treito da PO-532 deberá incorporarse ao Plan de estradas do Concello de Ponte Caldelas.





## **O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE Á OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO DE 117 PRAZAS PARA PERSOAL DOCENTE DE ENSINO SECUNDARIO**

- ***A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convoca o máximo número de prazas permitido pola taxa de reposición do 10 %, e engade 24 prazas máis de promoción interna***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á oferta pública de emprego de 117 prazas para persoal docente de ensino secundario. Desta forma, neste ano 2014 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convoca o máximo número de prazas permitido pola taxa de reposición do 10 %, e engade 24 prazas máis de promoción interna. Neste sentido cómpre lembrar que este límite, establecido pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado é aplicable aos postos de quenda libre.

Do total das prazas que se van convocar 93 serán de quenda libre e outras 24 de promoción interna. Por especialidades, en quenda libre convocaranse 24 prazas para a especialidade de Xeografía e Historia; e 24 para Matemáticas. Ademais haberá 20 prazas para Bioloxía e Xeoloxía, 15 para Inglés e 10 para Administración de Empresas.

Por outra banda na quenda de promoción interna as 24 prazas divídense en 6 para Xeografía e Historia; 6 para Matemáticas; 5 para Bioloxía e Xeoloxía; 4 para Inglés e 3 para Administración de Empresas.





## **A POLICÍA AUTONÓMICA REFORZA A APOSTA POLA ESPECIALIZACIÓN E A COMPETENCIA PROFESIONAL NO SEU PLAN DE TRABALLO PARA ESTE ANO**

- ***Alfonso Rueda presentou hoxe ante o Consello da Xunta o Plan de obxectivos da Policía Autónoma para 2014***

O vicepresidente, Alfonso Rueda, presentou esta mañá no Consello da Xunta un informe sobre o Plan de obxectivos 2014 da Policía Autónoma galega, que este ano reforzará a súa aposta pola formación especializada e a mellora da competencia profesional dos seus efectivos. A Unidade establece como obxectivo xeral un incremento medio do dez por cento na efectividade do traballo en todas as áreas en relación co pasado 2013, que é o ano en que se acadaron os mellores resultados.

Do mesmo xeito, a Autónoma tamén ten prevista a reestruturación de determinados grupos e a creación doutros novos, que permitan un desempeño funcional máis amplo e eficiente e melloren o servizo prestado á cidadanía; e seguirá ampliando a colaboración cos distintos departamentos da Xunta e con outras forzas e corpos de seguridade.

Así, incrementaranse os traballos de investigación en colaboración coas consellerías de Medio Ambiente -talleres, puntos de vertedura incontrolada, residuos, despezamentos de vehículos, vertedoiros, etc.-; do Medio Rural e do Mar -feiras e mercados de gando, residuos, benestar animal, transporte de perecedoiros, loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal, etc.-; de Cultura -mantemento e vixilancia do patrimonio histórico e informes sobre BIC-, ou a APLU -urbanismo, protección de costas, control de solo rústico, etc.

Especial importancia ten a colaboración da Policía Autónoma no Plan de loita contra incendios forestais de Galicia (PLADIGA), con patrullas especiais de vixilancia en zonas forestais, control de queimas, talas, plantacións, pastos en zonas afectadas polos lumes, caza irregular e seguimento de zonas queimadas, así como a investigación de incendios, mediante inspeccións oculares, captación de información e colaboración e coordinación cos distritos forestais e de servizos contra incendios.

Outra das áreas destacadas será a relativa aos menores e familia, onde os axentes autonómicos colaborarán na localización e reintegro de menores fugados, no control da venda de alcohol e estupefacientes a menores, na prevención do acoso escolar ou no emprego de menores para mendicidade. Ademais, continuarase coas tarefas de formación e preparación en violencia de xénero que permitan desenvolver cun alto grao de eficacia o labor policial na loita contra esta lacra.



### **Reforzo de servizos**

Segundo se destaca no informe, no cumprimento destes obxectivos xogarán un papel fundamental os 47 novos axentes da UPA, que se incorporaron a mediados do ano pasado despois de que o Ministerio de Interior cubrira máis prazas na UPA. Coa chegada destes novos axentes, a Unidade acadou entón o seu teito máximo de efectivos, con 470 axentes, e puido reforzar determinados servizos como a loita contra os lumes forestais, ou comezar a posta en marcha de grupos de actuación contra a violencia sexista.



## **A XUNTA AUTORIZA A RESOLUCIÓN, POR MUTUO ACORDO, DOS CONTRATOS DE CONSTRUCCIÓN DO TEATRO DA MÚSICA E DO CENTRO DE ARTE INTERNACIONAL DO GAIÁS**

- ***O Goberno galego, que aínda negociará o pagamento dos gastos incorridos a favor das construtoras, non terá que aboar as indemnizacións polo beneficio industrial***
- ***As empresas implicadas terán ata o 31 de decembro deste ano para presentar e acometer no lugar –dentro da modalidade de dereito de superficie- un proxecto arquitectónico baixo a súa responsabilidade e explotación***

A Xunta de Galicia aprobou no seu Consello de Goberno semanal a autorización da resolución de contrato, por mutuo acordo, da construción do Teatro da Música e do Centro de Arte Internacional, na Cidade da Cultura. Con esta negociación, avalada por un amplo acordo parlamentario, o Goberno galego non terá que afrontar o pago de indemnizacións ás empresas adxudicatarias. Ademais, no prazo de dous meses desde a sinatura da resolución, negociárase entre as partes a cifra que se abonará ás tres sociedades involucradas, en concepto de gastos incorridos que sexan debidamente xustificadas.

As empresas afectadas, que renuncian ao beneficio industrial que lles correspondía, aceptaron a cambio unha opción de dereito de superficie, que poderán executar antes do 31 de decembro próximo. O devandito dereito concédelles a opción de deseñar, construír e explotar un edificio ou “carpa pétreo” no lugar dos anteriormente proxectados, que deberá suxeitarse aos obxectivos culturais e ao Plan Estratéxico do Gaiás. De feito, o proxecto arquitectónico tería que ser autorizado pola Xunta. A infraestrutura, de diferentes acabados podería ser levantada e explotada –sempre por conta e risco dos contratistas- para eventos e actividades de carácter cultural, aínda que admitiría usos comerciais complementarios (cafetería, tenda ou similares) vinculados ao seu uso cultural.

No caso de que as empresas interesadas optasen pola construción e explotación da mencionada edificación, a dita iniciativa permitiría a finalización do deseño volumétrico proxectado por Peter Eisenman. Nesa hipótese os construtores terían que presentar un plan de negocio e investimentos e un sistema de explotación, sobre a premisa de que a duración do outorgado dereito de superficie quedaría limitado a un máximo de 35 anos, que serían menos, en función dos retornos previstos no plan de explotación. E para o suposto de que, unha vez construída a devandita infraestrutura, a Xunta decidise utilizar parte da súa superficie, está previsto reservar o seu uso público unha serie de días ao ano.





No suposto de que as construtoras non presentasen as súas propostas antes do 31 de decembro, decaería o seu dereito de superficie pero manteríase a súa renuncia ao beneficio industrial.



## **A XUNTA MANTERÁ OS PREZOS DE REFERENCIA DO BANCO DE TERRAS AO LONGO DE 2014 PARA FAVORECER O CRECEMENTO DAS EXPLOTACIÓNS**

- ***O Consello aprobou hoxe un acordo da Consellería do Medio Rural e do Mar polo que se establecen os prezos que servirán de referencia para as transaccións do Banco de Terras de Galicia para este ano***

A Xunta manterá os prezos de referencia do Banco de Terras de Galicia ao longo de 2014 para facilitar a mobilidade da terra e así favorecer o crecemento das explotacións. O obxectivo, dentro do contexto actual de crise económica, é facilitar o acceso ás parcelas a agricultores e gandeiros para que poidan redimensionar as súas explotacións e, ao tempo, abaratar custos.

O Consello da Xunta aprobou hoxe os prezos que servirán de referencia para as transaccións do Banco de Terras de Galicia para o ano 2014. Deste xeito, o prezo mínimo anual por parcela mantense en 20 euros e, para o caso de agrupación ou lote de parcelas, en 40 euros.

Os prezos tipo de referencia e/ou garantía para a cesión de predios rústicos do Banco de Terras de Galicia en réxime de arrendamento ou concesión estarán dispoñibles na páxina web da Consellería do Medio Rural e do Mar.



## **A XUNTA DESTINA UN MILLÓN DE EUROS Á FORMACIÓN DOS INVESTIGADORES GALEGOS EN CENTROS DE REFERENCIA EXTERIOR**

- ***As axudas de promoción da mobilidade de investigadores e tecnólogos beneficiarán máis dun centenar de científicos e tecnólogos galegos***
- ***O programa aposta polo talento dos investigadores galegos favorecendo a súa mobilidade e mellorando o Sistema galego de I+D+i***
- ***As bolsas comprenden unha primeira asignación para a viaxe e o seguro e unha contía mensual que depende da distancia do lugar de destino e que se incrementa en ata 200 euros con respecto á anterior convocatoria***

A Xunta de Galicia, na súa aposta pola formación dos investigadores galegos, destina un millón de euros ás bolsas para estadias de investigadores e tecnólogos galegos en centros de referencia exterior co obxectivo de impulsar a súa formación. Deste xeito, o Goberno galego beneficiará máis dun cento de profesionais de centros tecnolóxicos e de investigación non universitarios con sede en Galicia.

A través deste programa, a Consellería de Economía e Industria aposta polo talento dos investigadores galegos, impulsando a súa mobilidade e incrementando as súas capacidades e competencias e o seu nivel de relacións no eido internacional, aspectos fundamentais para mellorar a competitividade do Sistema de I+D+i de Galicia e, polo tanto, do noso tecido empresarial. Así mesmo, favorécese a aprendizaxe de novas técnicas no seo dos grupos de destino.

As bolsas, cuxo prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, cubrirán estadias realizadas ao longo de todo este ano, cunha duración de entre un e seis meses. Neste sentido, cómpre salientar como principal novidade o incremento das contías individuais por bolsa, nas que se aumenta ata 200 euros a asignación mensual para gastos durante a estadia.

Os ditos gastos cobren os custos de desprazamento e seguros, así como unha asignación mensual bruta que dependerá do lugar de destino. Esta será dun máximo de 1.400 euros se a incorporación se produce en España, Portugal ou Andorra. Para o resto de países de Europa e outros continentes a dotación para gastos oscilará entre os 1.700 e os 2.000 euros ao mes, dependendo da distancia.

Mediante estas bolsas os beneficiarios poderán actualizar coñecementos e aprender novas técnicas de investigación, así como completar a súa formación, mediante a súa incorporación temporal a centros coñecemento de referencia no exterior, preferentemente no estranxeiro.



Estas axudas enmárcanse no Programa de apoio ao talento da Axencia Galega de Innovación que, entre outras medidas, prevé tamén o soporte á incorporación no Sistema galego de I+D+I de investigadores cunha traxectoria científica excelente, avalada pola consecución de resultados relevantes no seu ámbito e a captación de financiamento europeo.



**A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN DESTINA 100.000 EUROS ÁS OBRAS PARA REPARAR COA MÁXIMA CELERIDADE OS DANOS CAUSADOS POLO TEMPORAL NO CEIP VIÑAGRANDE-DEIRO E NO IES DE FOZ**

- *A rápida actuación do departamento educativo da Xunta permitiu que o alumnado do CEIP fose xa redistribuído en 2 centros educativos da zona, co fin de que a normalidade da súa actividade escolar non se vise afectada*
- *No caso do IES de Foz, no que está previsto comezar hoxe mesmo as obras de reparación, púidose retomar a actividade lectiva 2 días despois do temporal*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria traballa xa na reparación da cuberta do CEIP Viñagrande-Deiro, en Vilanova de Arousa, e do pavillón do IES de Foz, destinando 100.000 euros a estas obras. O Consello da Xunta analizou hoxe o informe de actuacións de emerxencia realizadas pola Consellería nestes centros.

No caso do CEIP Viñagrande-Deiro, a súa principal cubrición perdeu boa parte das súas placas de fibrocemento por mor do temporal do pasado 5 de febreiro. A obra final consistirá na reposición da cuberta con paneis de tipo 'sándwich', así como na reparación dos danos causados no interior do CEIP pola entrada da auga. O orzamento destinado a este centro ascende a 74.000 euros

No IES de Foz o temporal da noite do 3 de febreiro causou importantes danos na cuberta do pavillón e, de forma colateral, no conxunto do complexo educativo, o que está a provocar entrada de auga no interior e unha deterioración das instalacións, malia que a seguridade do alumnado e persoal está asegurada. As obras de reparación, que está previsto que comecen hoxe mesmo, suporá nun investimento de máis de preto de 26.000 euros.

### **CEIP Viñagrande-Deiro**

A Consellería actuou coa máxima celeridade diante de ambos os incidentes. De feito o día 5 a Unidade Técnica da Xefatura Territorial da Consellería en Pontevedra emitiu un informe, conforme xa se comezaban a tomar as medidas necesarias para retirar os restos da cuberta arrincada en Vilanova de Arousa, e para executar as obras oportunas de reparación, co fin de que o alumnado poida volver canto antes ás clases no seu propio centro. Este mesmo luns, 10 de febreiro, os estudantes comezaron a súa actividade escolar noutros dous centros da zona – xa que non era posible acollelos a todos no mesmo, por cuestións de espazo-, ata que as reparacións estean rematadas.

A rápida actuación do departamento educativo da Xunta permitirá que as clases se retomen no centro no menor tempo posible, garantindo a seguridade do alumnado e a súa escolarización en todo momento.



### **IES de Foz**

No caso do IES de Foz, o alumnado puido volver ás clases xa o 6 de febreiro, despois de que se realizaran os traballos oportunos para garantir a seguridade do alumnado e persoal do centro. Dando mostra da rápida resposta da Consellería, o día 4 de febreiro elaborouse o informe de danos, no que se explicaba que se desprenderan uns 125 metros cadrados da cuberta do pavillón polideportivo do IES de Foz, elaborada con armazóns e correas de prefabricados de formigón e un acabado en panel 'sandwich'. Os entullos que saíron despedidos ocasionaron, ademais, danos colaterais na cuberta do edificio de Hostalaría e fiestras que provocaron, pola súa vez, danos no interior do edificio.





## **O SERGAS ADXUDICA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN ENERXÉTICA E O MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE EDIFICIOS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DOS HOSPITAIS ARQUITECTO MARCIDE E NAVAL DE FERROL, POR UN IMPORTE DE 21,8 MILLÓNS DE EUROS**

- *O prazo de execución é de 8 anos e o adxudicatario é a UTE formada por Ferrovial Servizos e Endesa Enerxía*
- *O aforro estimado con esta adxudicación superará os 2,6 millóns de euros*
- *Ademais, conseguirase evitar as emisións de gases de efecto invernadoiro de máis de 4.200 toneladas, o que representa unha diminución de máis do 35 % con respecto á situación actual*

O Servizo Galego de Saúde adxudicou, por un importe de 21.876.459 euros, o que representa unha baixa de 5,39 % con respecto ao importe de licitación, a subministración enerxética prestacional e o servizo de mantemento e conservación de edificios, instalacións e equipamentos no Hospital Arquitecto Marcide e no Hospital Naval da Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol. O prazo de execución é de 8 anos, e o adxudicatario é a unión temporal de empresas formada por Ferrovial Servizos e Endesa Enerxía.

O departamento que dirixe Rocío Mosquera promove, con esta iniciativa, medidas de aforro mediante a eficiencia enerxética nos centros hospitalarios Arquitecto Marcide e Naval de Ferrol, integrando nun único contrato a xestión da subministración enerxética prestacional e o servizo de mantemento, de xeito que se poidan afrontar as actuacións de mellora e renovación das instalacións que sexan necesarias para garantir un aforro enerxético

### **Aforro superior aos 2,6 millóns**

A Administración sanitaria galega está a trocar o modelo tradicional de subministración de enerxía eléctrica e combustibles a outro modelo prestacional con requirimentos de calidade térmica ambiental, de iluminación, e de calidade do aire interior. Deste xeito, o adxudicatario deberá garantir actuacións de mellora nas instalacións e responsabilizarse do seu mantemento, co obxecto de acadar un aforro enerxético mínimo dun 20 %.

Con esta adxudicación da área de Ferrol, o aforro económico para o presente ano, con respecto aos custos actuais, estímase en máis de 320.000 euros, e para os oito anos de duración do contrato o dito aforro será superior aos 2,6 millóns, o que supón unha cantidade aforrada de máis do 10 % dos custos actuais. Contribúese así, á sustentabilidade do sistema sanitario público galego, reducindo os custos da subministración enerxética, á vez que se promove o respecto ao ambiente mediante actuacións de eficiencia na xestión enerxética e se garante o confort e a habitabilidade das instalacións sanitarias aos usuarios e profesionais.



### **Investimentos adicionais por valor de 2,6 millóns**

O adxudicatario do contrato realizará unha serie de investimentos adicionais entre os que hai que sinalar a renovación actual da iluminación interior nos dous hospitais; a renovación total do sistema de caldeiras tamén nos dous centros; a implantación de dúas caldeiras de biomasa no Hospital Naval; a renovación total do sistema de produción de frío para climatización, e a implantación dun sistema de monitorización enerxética integral. O importe destes investimentos é superior aos 2,6 millóns de euros.

Debido á mellora da eficiencia enerxética e ao emprego de biomasa para uso térmico, conseguírase evitar as emisións de gases de efecto invernadoiro de máis de 4.200 toneladas, que representa unha diminución de máis do 35 % con respecto á situación actual.

O consumo de biomasa para fins térmicos no Hospital Naval estímase en 1.500 toneladas anuais, que potencialmente levará asociada a xeración de 13 postos de traballo, directos e indirectos, así como a limpeza de máis de 800 hectáreas de monte.



## BENESTAR PREVÉ REALIZAR MÁIS DE 2.300 INSPECCIÓN EN SERVIZOS SOCIAIS DURANTE O ANO 2014, UN 48,5 % MÁIS QUE EN 2013

- *O ano pasado fixéronse preto de 1.600 visitas, entre as que destacan 175 inspeccións domiciliarias sobre libranzas vinculadas a servizos de axuda no fogar, 81 a beneficiarios da renda de inserción social e as visitas a entidades titulares de instalacións de atención a persoas con discapacidade*
- *Como novidades, en 2014 prevese un reforzo no seguimento do programa de apoio á mobilidade persoal, na supervisión do destino das axudas e subvencións concedidas a entidades de iniciativa social e na axuda no fogar*

A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Inspección de Servizos Sociais, prevé realizar en 2014 máis de 2.300 visitas a entidades, centros e programas que desenvolven o seu traballo nesta área, un 48,5 % máis que en 2013. O principal obxectivo destes controis é velar polos dereitos das persoas usuarias destes servizos e programas.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao Plan de inspección para 2014, e analizou os resultados das actuacións levadas a cabo neste sentido durante 2013.

Este ano garantirase a inspección de preto de 400 instalacións na área de maiores, de discapacidade e dependencia, o que supón o 70 % do total; e o 100 % dos centros de menores. Do mesmo xeito, incidirase no seguimento das actividades doutros centros e programas como os puntos de encontro familiar (visitaranse os 7 existentes) e as entidades colaboradoras no programa de adopción internacional (ECAIS).

Así mesmo, proseguirase coa fiscalización dos contratos e convenios realizados pola Consellería de Traballo e Benestar con entidades privadas e reforzarase a supervisión do destino das axudas e subvencións concedidas ás persoas en situación de dependencia e en risco de exclusión social.

Neste senso, como novidade, proseguirase coa fiscalización dos contratos e convenios realizados pola Consellería de Traballo e Benestar con entidades privadas e reforzarase a supervisión do destino das axudas e subvencións concedidas ás persoas en situación de dependencia e en risco de exclusión social.

Ademais, neste 2014 reforzarase o asesoramento e inspección dos servizos comunitarios no que se refire á aplicación do decreto que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e o que define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e determinarase o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.



O dito asesoramento ten como obxectivo garantir unha regulación conforme a legalidade vixente do programa de axuda no fogar, tratando así de evitar regulacións ou interpretacións normativas dispares que produzan un tratamento diferenciado das persoas usuarias con dependencia, que reciben o servizo a través dos respectivos concellos.

Así mesmo, realizaranse visitas de inspección ao programa de apoio á mobilidade persoal (O65), no que se comprobará o grao de cumprimento da normativa de aplicación das empresas adxudicatarias do servizo.

Cómpre salientar que os servizos de inspección tramitan a totalidade de denuncias e queixas recibidas para dar resposta a todas as persoas interesadas.

### **Balance 2013**

Doutra banda, o Consello da Xunta coñeceu hoxe tamén o balance do Plan de inspección de servizos sociais do ano pasado, no que se fixeron preto de 1.600 visitas a entidades, centros e programas. Entre elas destacan 175 inspeccións domiciliarias sobre libranzas vinculadas a servizos de axuda no fogar, 81 inspeccións a beneficiarios da RISGA ou cinco visitas a entidades que atenden a persoas con discapacidade.

Ademais, actualizáronse e ampliáronse os contidos da web da asesoría virtual de entidades prestadoras de servizos sociais. Nesta web rexistráronse un total de 31.212 accesos (un 40 % máis que no ano 2012) e descargáronse un total de 25.318 documentos.

Tamén se implementaron novas utilidades e contidos na aplicación do Rexistro unificado de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS). Rexistráronse 412 servizos de promoción da autonomía persoal. A aplicación recibiu 78.698 visitas e descargáronse 248 xustificantes da inscrición.

En canto á formación, no segundo semestre do ano realizouse a terceira edición do Curso de capacitación para o desempeño da función de inspección de servizos sociais, con 39 asistentes e 120 horas de duración. As enquisas de satisfacción realizadas aos participantes avaliárono con 4,3 puntos sobre 5.

